



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE ECONOMIA, EMPREGO E INDUSTRIA E A FEDERACIÓN GALLEGA DE ASOCIACIONES PROVINCIALES EMPRESARIALES DE FONTANERÍA, CALEFACCIÓN, GAS, CLIMATIZACIÓN, MANTENIMIENTO Y AFINES “FEGAFON” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE MARCA DE GARANTÍA NO SECTOR DAS EMPRESAS INSTALADORAS DE FONTANERÍA EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Ángel Bernardo Tahoces, director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, DECLARA:

Que esta consellería ten previsto formalizar ca Federación Gallega de Asociaciones Provinciales Empresariales de Fontanería, Calefacción, Gas, Climatización, Mantenimiento y Afines “FEGAFON” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31/12/2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Determinar o marco de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e FEGAFON para o desenvolvemento dun proxecto de marca de garantía para o sector das empresas instaladoras de fontanería en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria ten atribuídas competencias nos ámbitos da promoción e dinamización da economía, industria e seguridade industrial,





segundo o recollido no Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da devandita consellería.

A Federación Gallega de Asociaciones Provinciales Empresariales de Fontanería, Calefacción, Gas, Climaización, Mantenimiento y Afines (en adiante FEGAFON) é unha entidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar da que son membros as principais asociacións empresariais de ámbito provincial dedicadas ás actividades, entre outras, da fontanería, polo que nela están representadas, de xeito directo ou indirecto, unha parte moi importante das empresas galegas instaladoras dese sector. Entre os obxectivos de FEGAFON, segundo se recolle nos seus estatutos, están a representación, coordinación, xestión, fomento e defensa dos intereses xerais e comúns das asociacións empresariais das actividades, entre outras, da fontanería, así como propiciar o desenvolvemento económico do sector e formular propostas sobre disposicións, medidas e iniciativas de todo tipo que tendan á ordenación e perfeccionamento do sector.

O sector das empresas instaladoras de fontanería en Galicia está a sufrir unha situación de importantes dificultades dende a desregulación do sector provocada pola Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, e o Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación, que derogou as normas básicas para as instalacións interiores de subministro de auga, aprobadas pola Orde do 9 de decembro de 1975.

Este drástico cambio nun sector tradicionalmente regulado provocou un crecemento exponencial da economía sumerxida. As instalacións interiores de subministro de auga son agora feitas por empresas que non contan con control algún por parte da administración en canto aos aspectos técnicos destas instalacións, cuxa complexidade é elevada.

Polo exposto, faise conveniente o desenvolvemento dunha marca de garantía consonte á Lei 17/2001, de 7 de decembro, de marcas, que permita certificar que os





servizos prestados polas empresas que a utilicen teñen uns requisitos comúns, en especial no referente á súa calidade, compoñentes, condicións técnicas e modo de prestación do servizo.

Ter como beneficiario deste convenio a FEGAFON trae como consecuencia que para o desenvolvemento das accións incluídas no mesmo se conte cunha visión global e consensuada dunha parte moi importante das empresas instaladoras de fontanería en Galicia, o que lles permitirá establecer por acordo os requisitos comúns, en especial no referente á súa calidade, compoñentes, condicións técnicas e modo de prestación do servizo, precisos para deseñar o regulamento de uso da marca de garantía.

Polo que, atendendo ao carácter singular que se deriva das excepciónais circunstancias nas que se realizan as actividades obxecto de convenio, concorren circunstancias que determinan a dificultade de promover a concorrència dada a finalidade e as características específicas das actuacións a realizar.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.

